

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL CON DATA 17 DE ABRIL DE 2018**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do dezasete de abril de dous mil dezaioito, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os Sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Álvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- SUBVENCIÓN SOLICITADA AO IDAE PARA "RENOVACIÓN E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ADAPTACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO DE RIBADUMIA AO REGULAMENTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA APROBADO POR E.D. 1890/2008".-

Toma la palabra el Sr. Alcalde para informar que, a la vista del elevado consumo energético del alumbrado público municipal se realizó una auditoría en detalle de todas las instalaciones del alumbrado, de la que se desprende la oportunidad de ahorro energético que tiene el Ayuntamiento renovando sus instalaciones por otras más modernas y eficientes y la falta de cumplimiento que tenía las instalaciones de alumbrado municipal de la principal reglamentación que les afecta e indica que a la vista del resultado de la misma se procedió a la redacción de una memoria descriptiva de las actuaciones a realizar y se solicitó ayuda al Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital, para la "Renovación, mejora de la eficiencia energética y adaptación al Reglamento de Eficiencia energética R.D. 1890/2008 del alumbrado público del Ayuntamiento de Ribadumia", con un importe total de 711.726, 40 euros.

El Sr. Alcalde da cuenta de las actuaciones que se pretenden llevar a cabo y de los trámites efectuados, así como del requerimiento recibido para enmienda de la documentación presentada con fecha 19 de julio de 2017.

A Sra. Peña Muñiz di que o que se trae é a aprobación dun proxecto de eficacia enerxética para luminarias led e va a estar de acordo en aforrar enerxía e iso repercute.

Que o P.P. sempre estivo moi sensibilizado este tipo de obras; invisteuse cada ano una partida importante.

Engade que o alumeado estaba legalizado, había uns cadros que se chamaban a tanto alzado se ía regularizando cada ano; e Fenosa cobraba por eles a tanto alzado; non é certo que o alumeado todo estivera ilegal; había unha porcentaxe mínima se regularizar.

Di que hai obras que están xa executadas a día de hoxe e financiados con outras administratións públicas. Este proxecto se presentou fai tempo e comprobou que están executadas a día de hoxe e considera que é grave que se solicite axuda para obras que xa están feitas.

Contesta a Sra. Martínez Troncoso e aclara que o Decreto xa di que se poden subvencionar obras executadas dende 2014.- Tamén di que a auditoria enerxética que fixo a Deputación, cando ela era alcaldesa, indica que había contadores non facturados e outros facturados.

Agradece ós traballadores que se turnaron ata de noite para presentar a solicitude deste axuda á maior brevidade, xa que era unha axuda non competitiva.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago e manifesta que non eran uns pouquiños cadros os que estaban sen regularizar, senon que, eran corenta e dous dos sesenta cadros.

A Sra. Peña Muñiz, pregunta se o Sr. Oubiña intenta dicir que Fenosa solo cobraba por 15 cadros; di que discrepa xa que aínda que houbera que regularizar non é certo que o P.P. non fixera nada.- Ela interpreta que son fondos FEDER e di que estaría subvencionado actuacións que estiveran executadas dende o ano 2014 pero non terminadas, e que o feito de que se pide unha obra que xa está executada non o considera normal; pide que se retire del proxecto as obras que xa están executadas e se aprobe de novo.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e indica que a realidade é que a subvención se presenta porque é un proxecto importante, e que non pretenda enganar a ninguén, que ela debe saber en que situación estaba o alumeado.

Di que hai pouco autorizouse o uso da Casa de Cultura de Besomaño para a impartición dun curso e ó pouco non había corrente e resulta que Fenosa cortou os cables porque estaba conectada irregular; regularizar dita situación e darlla de alta costou al redor de 6.000 euros.

Se fixo unha auditoría completa e a empresa que mantén o servizo aconsellou e axudou para presentar o proxecto de legalización ante a Deputación.

Remata dicindo que o importante é que concedan a subvención, e van a aprobar o proxecto e ratificar a solicitude de axuda; di que con 15 anos de alcaldesa debería ter máis visión política; decir que non ían aprobar este proxecto porque parte xa executado é lamentable.

Explica que o primeiro ano desta lexislatura, se facer grandes actuacións se aforraron 23.000€ e iso con 15 anos é o que perdeu o Concello se o tivera feito se tería aforrado 73.000€/ano.

Toma a palabra Martínez Troncoso, e lee o contido do artigo Art. 7º do R. D. 616/2017 e aclara o das obras executadas.-

A Sra. Peña Muñiz e di, non están de acordo porque unha parte xa está feita e pide que se retire do proxecto e se piden que se retire e se modifique o proxecto e a solicitude presentada.

Toma a palabra a Secretaria e dá aclaración, respecto do establecido no artigo mencionado.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que se fixo unha auditoría enerxética; que é importante que concederan a subvención, aínda que pode ser difícil que se consiga.

Este tipo de subvencións era por orden de entrada e por iso se dixo que os traballadores estiveron día e medio (día e noite) dende as 9:00 horas que habilitaban a plataforma para podela presentar o máis rápido posible; hai que destacar o bo traballo que se fixo para redactar este proxecto e presentalo.

Finalizadas las intervenciones, el Pleno Municipal, por unanimidad de los Sres. asistentes acuerda:

PRIMERO.- La participación y aceptación expresa del Ayuntamiento de Ribadumia en el procedimiento regulado por el R.D. 616/2017 de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa Operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020.

SEGUNDO.- Aprobar las actuaciones que componen el proyecto singular subvencionable, que se recoge en la memoria redactada, denominada "Renovación, mejora de la eficiencia energética y adaptación al Reglamento de Eficiencia energética R.D. 1890/2008 del alumbrado público del Ayuntamiento de Ribadumia", **adoptando el compromiso de habilitar crédito suficiente, en la partida 165-62905, para la financiación del proyecto planteado, en el caso de que el mismo resulte**

seleccionado en esta convocatoria, por un importe total de 711.726,40 euros.

TERCERO.- Prestar aprobación a la memoria descriptiva de la actuación a acometer, que se une al expediente, firmada por el Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, (identificada en la plataforma del IDAE como 20170718194003- modelo-medida6 ee130717-ribadumia-4-firma-pdf), cuyos datos se unen al presente acuerdo, formando parte del mismo.

CUARTO.- Facultar al Sr. Alcalde, tan ampliamente como sea necesario para la ejecución del presente acuerdo.

2º.- DAR CONTA DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2017.-

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar conta que con cargo ao Plan Concellos da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao exercicio de 2017, solicitáronse e foron concedidas as axudas para as obras, servizos e actividades que se relacionan e polos importes que se indican.

1. Con cargo á **Liña 1 de Investimentos**, solicitáronse e foron concedidas as seguintes:
 - Rede de saneamento no Freixo (Ribadumia), por un importe de 38.466,87 euros.
 - Rede de saneamento no entorno da Igrexa de San Andrés de Barrantes, por un importe de 70.326,86 euros.
 - Rede de saneamento de Barroso e Igrexa en Sisán e Caponiñas en Barrantes, por un importe de 29.387,46 euros.
 - Muros de contención para formación de senda peonil no lugar de Costa (Leiro), por un importe de 50.221,96 euros.
 - Legalización de subministros de electricidade no Concello de Ribadumia, por un importe de 67.044,49 euros.
 - Rede de alumeadado público en Leiro e Besomaño, por importe de 46.171,37 euros.
 - Adquisición de retroexcavadora- minipala, por importe de 27.034,85 euros.
 - Adquisición de fregadora limpiadora, por importe de 4.179,00 euros.

2.- Con cargo a **Liña 2** de gastos correntes, para a "organización e realización de actividades culturais e deportivas, etc", solicitáronse e foron concedidas as seguintes:

- Para "Exaltación do viño autóctono XLV Festa do Tinto do Salnés", solicitouse e concedeuse unha axuda de 17.000 euros, téndose presentado un orzamento de 20.000,00 euros.
- Para a "Programación do Auditorio Municipal Santa Baia Ribadumia 2017", solicitouse e concedeuse unha axuda de 3.000,00 €, téndose presentado un orzamento de 4.000,00 euros.

3.- Con cargo a **Liña 3** de "Emprego", solicitouse e concedeuse pola Deputación Provincial, axuda por im para a contratación de un animador sociocultural, un arquitecto e dez peóns, por importe de 102.592,13 euros (de un presuposto presentado de 146.620,44 €)

O Pleno Municipal dase por enterado das axudas solicitadas e concedidas con cargo ao Plan Concellos 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- DAR CONTA DAS AXUDAS SOLICITADAS CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2018.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar conta que con cargo ao Plan Concellos 2018, tense presentado as solicitudes de, axudas para as obras, servizos e actividades que se relacionan e polos importes que se indican.

1. Con cargo á Liña 1 de Investimentos, solicitáronse as seguintes:
 - Obras de mellora e ampliación en camiños e sendas en diversos puntos do Concello, por un importe de 45.945,42 euros.
 - Obras de mellora e recollida de augas pluviais en diversos puntos do Concello, por un importe de 27.192,80 euros.
 - Rede de abastecemento en Couto de Arriba (Barrantes), por un importe de 35.736,22 euros.
 - Rede de abastecemento en Conchidos e Mosqueiro, e de saneamento en Cabaelas, por un importe de 47.262,25 euros.
 - Ampliación da rede de alumeado público, por un importe de 37.066,09 euros.

- Demolición e reconstrucción de muro de mampostería segundo tramo da Rúa Torre, por un importe de 33.495,63 euros.
- Demolición e reconstrucción de peches de fincas no primeiro tramo de Rúa Torre, por un importe de 32.593,84 euros.
- Aportación do Concello ao Convenio coa Deputación, en materia de seguridade vial EP9305, solicitándose a inclusión de dita aportación no Plan concellos nun importe de 67.526,47
- Adquisición de materiais para o proxecto "Ribadumia en rede", para a instalación de Internet na Casa de Cultura de Lois; dotación de equipo informático para recadación, ensobradora e dotación de equipamento informático para servizos xerais (SAI), por importe total de 8.762,25 euros.
- Adquisición de taboleiros informativos, por importe de 5.021,25 euros.

2.- Con cargo a Liña 2 de gastos correntes, para a "organización e realización de actividades culturais e deportivas, etc", solicitáronse as seguintes:

- Para "Exaltación do viño autóctono XLVI Festa do Tinto do Salnés", solicitouse unha axuda de 17.000 euros, téndose presentado un orzamento de 20.000,00 euros.
- Para a "Programación do Auditorio Municipal Santa Baia Ribadumia 2017", solicitouse unha axuda de 3.000,00 €, téndose presentado un orzamento de 4.000,00 euros.

3.- Con cargo a Liña 3 de "Emprego", solicitouse e concedeuse axuda por para a contratación de un animador sociocultural, e once peóns para distintos servizos (lixo, limpeza, mantemento edificios, obras) por importe de 105.452,79 euros (de un presuposto presentado de 143.602,91 €)

O Pleno Municipal dase por enterado das axudas solicitadas e concedidas con cargo ao Plan Concellos 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra.

4º.- DELEGACIÓN DA RECADACIÓN EXECUTIVA NA ATRIGA E ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para expoñer que o acordo que se somete á consideración do Pleno, é un paso máis trala revogación das delegacións en materia recadatoria que tiña o Concello a favor do ORAL.- Explica que, unha vez adoptado acordo de revogación a recadación en voluntaria a realizará directamente o Concello e faltaba por decidir como se ía a levar a cabo a executiva.- Di que estivo analizándose as posibilidades de delegación da recadación executiva (no ORAL, na ATRIGA..)

Tralo análise correspondente propónse a delegación da xestión e cobro da recadación executiva na Axencia Tributaria de Galicia; di que consultouse con outros concellos nos que este organismo leva dita recadación e decidiuse porque, entre outros aspectos, ten máis ámbito territorial e pode ter datos de calquera contribuínte en toda Galicia e incluso en todo o territorio nacional (porque ten convenio coa Axencia Estatal)

Di que o convenio a subscribir, no seu caso, é por catro anos e a extinción do mesmo podería levarse a cabo en calquera momento por acordo das dúas partes; a este respecto manifesta que no ORAL hai que agradecer a vontade política que tiveron para revogar as delegacións porque senon non se houbera podido revogar ata que non vencera o prazo dos dez anos.- Da conta dalgúns dos Concellos que saibamos ten subscrito convenio similar.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e di que, no seu día, cando se plantexou revogar as competencias delegadas no ORAL, o grupo do P.P. se abstivo porque non estaba xustificado o aforro e porque non se contaba con medios para a recadación en voluntaria nin en executiva.

Engade que hai que valorar o grao de cumprimento que pode ter un ou outro organismo para dar cumprimento aos intereses municipais e de comodidade para os veciños; di que da ATRIGA non coñece o grao de cumprimento e do ORAL di que case tódolos concellos de Pontevedra a ten delegada e que por algo será: proximidades das oficinas, levando a cabo incluso en ocasións xestións destinando persoal ao propio concello; di que os custos e intereses os fixa a Lei Xeral Tributaria e estes son os que ORAL aplica; que ten un equipo técnico e xurídico para resolver as reclamacións e as actualizacións e si isto o fai directamente o Concello se necesita persoal ou que o faga unha empresa e isto suporá tamén un custo.

Continúa dicindo que a ATRIGA cobra 3,00 por providencia e que este custo é superior ao do ORAL; que este organismo ten plataforma online para coñecer o estado de tramitación dos expedientes; en resumo que para os veciños é máis cómodo que a

ATRIGA que ten oficina en Pontevedra; que o ORAL ten un grado de recadación do 70% e da ATRIGA o descoñece.-

Finaliza dicindo que, por coherencia co sentido de voto cando se tratou o asunto da revogación da delegación, o seu grupo vai a absterse.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e dí que o grupo de goberno en ningún momento falou mal do ORAL, que son só cuestións económicas e técnicas: e aclara que o ORAL non so cobra as porcentaxes de intereses; que, por exemplo, por servizos de xestión cobra o 1,5%, o 4% pola recadación de multas; o 18% por inspección de impostos e taxas; cobra por certificacións catastrais...- Respecto á proximidade di que a ATRIGA ten oficina en Pontevedra e tentárase que a ver se se pode dar tamén servizo dende aquí; remata dicindo que ademais de polos motivos expresados (custo do servizo, ámbito...) tamén hai que ter en consideración que o feito de que a reclamación a faga Facenda tamén pode resultar máis disuasorio e favorecer o pago.- Que non se pode dicir que o feito de que a recadación executiva a faga a ATRIGA vai resultar máis caro e respecto á asunción da recadación enténdese que unha vez realizado o investimento inicial, vaíse aforrar.

Toma a palabra novamente o Sr. Serantes Alvarez e di que loxicamente o ORAL ten que cobrar polo servizo; pero que tampouco hai que mirar so polo custo (que entende que non se vai a aforrar) senon sobre todo polo eficiencia.

A Sra. Martínez Troncoso explica que, en principio se vai a adicar á recadación parte do persoal con que xa conta o concello e se hai que contratar máis se fará (tentaríase que fora de Ribadumia e no ORAL pode ser ou non); que o persoal está moi implicado porque considera que é unha labor importante e parece que pon en dúbida a capacidade do persoal.-

O Sr. Serantes Alvarez di que non poña en boca de el o que non dixo; que non se cuestiona ao persoal municipal, que o que dixo é que o concello non ten persoal técnico para levar a cabo certas cuestións.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago di que este debate non vai a ningún lado; que xa sabe que para o P.P. nada do que faga este goberno vai a estar ben; que o Sr. Serantes di que non hai medios e iso será o que entende el; que hai Concellos, na comarca incluso, que levan a recadación e non teñen problema e que a executiva (que pode resultar máis problemática) non a vai levar o Concello, igual que antes.-

O Sr. Serantes Alvarez aclara que a unha gran maioría das propostas do equipo de goberno votan a favor.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para dicir que o persoal está implicado para levar a bo termino este servizo; que se puxeron os medios para levar a cabo a xestión de cobro; que quizais sería máis cómodo continuar co ORAL porque ás veces se escudaban en dicir que era cousa do ORAL, cando en realidade son impostos e taxas municipais; que fai anos delegar no ORAL podía ter sentido, pero agora existen ferramentas informáticas que facilitan a labor e esta delegación custaba ao Concello uns 90.000 euros, co que si se acada os resultados esperados se podería aforrar (sen contar coa executiva) quizais uns 50.000 euros ao ano .

Continúa dicindo que tomar esta decisión ten os seus riscos e a corto prazo hai que axustalo, pero a medio/longo prazo vai resultar beneficioso, que se traballa con ilusión para elo e agradecería que puxeran o seu grao de arena para levalo a cabo xa que vai ser beneficioso para tódolos veciños.-

Que para a recadación en voluntaria antes os veciños tiñan que ir a Cambados ou Pontevedra e agora se xestiona dende o Concello ; que para outras xestións de actualizacións e outras, estase estudando contratar unha empresa para que lle faga as xestións aos veciños.-

Di que o ORAL fixo un traballo moi importante (aínda que no tema do cobro dos recibos de auga nos que houbo problemas se deron instrucións para que se solucionara e tardouse un ano); tamén consta que nos ten remitido case 50 reclamacións presentadas no seu día ante o ORAL e hai algunhas dende o ano 2014 ou 2015 que está sen resolver; o que se pretende tamén e que ao levarlo directamente se poida resolver antes; di que as xestións ante Catastro é certo que son eternas pero as presentadas polo ORAL tíñase que ter resolto antes.- Que pensa que a Deputación tamén ten convenio ca ATRIGA; en resumo di que todo o que se poida aforrar investirá en beneficio para os veciños xa que repercutirá na mellora dos servizos e toda a Corporación debería velar para que esta xestión sexa un éxito.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e seis abstencións (P.P.) acorda:

1º.- Delegar na Axencia Tributaria de Galicia a recadación en executiva de tódolos impostos e taxas municipais.

2º.- Solicitar a adhesión ao convenio de colaboración entre a ATRIGA e o Concello de Ribadumia en materia de Recadación executiva.

3º.- Prestar aprobación ao borrador de Convenio remitido, aceptando as cláusulas do mesmo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE xxxxxxxxxxxxxxxx EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA.

En Santiago de Compostela, xx de xxxxx do 201x

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valeriano Martínez García, na súa condición de Presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en nome e representación da devandita entidade, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

E doutra parte, Don xxxxxxxxxxxxxxxx, Alcalde do Concello de xxxxxxxxxxxxxxxx, en nome e representación do mesmo, en virtude do disposto no artigo 61.1a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

I

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan da competencia da ATRIGA, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

II

O apartado 3 do artigo 8º texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispón que as actuacións en materia de inspección ou recadación executiva que se teñan que efectuar fóra do territorio da respectiva entidade local en relación cos ingresos de dereito público propios desta, serán practicadas polos órganos competentes da correspondente comunidade autónoma cando deban realizarse no ámbito territorial desta, e polos órganos competentes do Estado noutro caso, logo de solicitude do presidente da corporación.

III

O artigo 7 dos Estatutos da Axencia Tributaria de Galicia, aprobados polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, dispón que a Axencia Tributaria de Galicia poderá asumir a xestión recadadora dos recursos doutras administracións públicas cando dita xestión se lles encomende en virtude da lei ou convenio.

IV

Por outra banda, o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sinala que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, axustarán a súa actuación aos principios de lealdade institucional, colaboración e cooperación para o exercicio das competencias que lles corresponda e eficaz cumprimento das súas tarefas.

V

A Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de xxxxxxxxxxxxxxxx, segundo o disposto no artigo 198 da citada Lei 5/1997, coinciden en que a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público propios de dito Concello sexa realizada a través dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia de acordo coas cláusulas que se fixan máis adiante.

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e réxime xurídico

A Axencia Tributaria de Galicia asume a xestión recadadora executiva que lle encomende o Concello de xxxxxxxxxxxxxxxx, (en diante o Concello), dos tributos e calquera outro recurso de dereito público do que sexa titular o Concello.

A devandita recadación rexeráse:

- a) Pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*
- b) Polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- c) Polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e polas normas e demais disposicións que poidan ditarse no seu desenvolvemento.*
- d) Polo Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadadora da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de Zona.*
- e) En xeral, pola normativa vixente aplicable en materia de xestión recadadora.*
- f) Polas cláusulas deste convenio.*

SEGUNDA.- Ámbito de aplicación

O disposto no presente convenio aplicarase ás débedas cuxa xestión recadatoria se delegue polo Concello á Axencia Tributaria de Galicia, a través dos órganos de recadación da mesma e empregando os medios de información e procedementos técnicos desenvolvidos pola Axencia na recadación executiva dos dereitos da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos dependentes.

Para a xestión recadatoria que se leve a cabo fora do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia estarase ao disposto no Convenio asinado entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a administración tributaria da Xunta de Galicia para a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público da Comunidade Autónoma.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello e da Axencia Tributaria de Galicia

1.- *Corresponde ao Concello :*

- a) *Resolver os recursos e incidencias relacionadas coas liquidacións das débedas a recadar.*
- b) *Expedir as providencias de constrinximento e resolver os recursos de reposición interpostos contra estas, así como tramitar e resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado, informando desta circunstancia á Axencia Tributaria de Galicia, con indicación, de ser o caso, da garantía proporcionada.*
- c) *Acordar a declaración de crédito incobrable, de conformidade co artigo 173 da Lei Xeral Tributaria, a proposta dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.*

2.- *Corresponde á a Axencia Tributaria de Galicia.*

- a) *Levar a cabo as actuacións do procedemento de constrinximento non citadas no punto 1 anterior.*
- b) *Resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pagamento en período executivo, sen prexuízo de que do Concello poida recabar esta función cando o considere oportuno.*
- c) *Resolver as terzarias que se poidan promover no curso do procedemento de constrinximento.*
- d) *Coñecer e resolver os recursos de reposición interpostos contra actos de xestión recadadora ditados polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia en vía executiva, así como tramitar e resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado.*
- e) *Tramitar e resolver as solicitudes de suspensión automática do procedemento nas reclamacións económico-administrativas interpostas contra actos dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.*

A Axencia Tributaria de Galicia dará coñecemento dos recursos que fosen certificados no proceso concursal ao Concello, o cal poderá asumir a súa defensa se o considera oportuno.

- f) *A adopción de medidas cautelares nos termos previstos no artigo 81 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.*
- g) *A execución de garantías consonte ó establecido no artigo 168 da Lei 58/2003 , Xeral Tributaria.*
- h) *Propor, se é o caso, ao Concello, e unha vez realizas as correspondentes actuacións, que dite o acto administrativo de derivación de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, cando a Axencia Tributaria de Galicia, no curso do procedemento de recadación dunha débeda do Concello teña coñecemento dalgún dos supostos de derivación de responsabilidade.*

Non obstante o anterior, corresponderá á Axencia Tributaria de Galicia a declaración de responsabilidade nos supostos de sucesión ós que se refiren os artigos 39, 40 e 42.1c, da Lei Xeral Tributaria, así como nos casos de responsabilidade de persoas depositarias de bens embargados ós que se refire o artigo 42.2 da Lei Xeral Tributaria.

3.- *Corresponde a ámbalas dúas administracións:*

- a) *Establecer un sistema de información para colaborar na eficacia recadadora do Concello.*
- b) *Atender as actuacións realizadas polos interesados e admitir os documentos presentados por estes ante os órganos de ámbalas dúas administracións, que serán comunicados ou remitidos ó órgano competente.*

CUARTA.- Procedemento

1.- Iniciación da actividade recadadora e cargo de valores.

Vencidos os prazos de ingreso en período voluntario sen satisfacerse as débedas, o órgano competente do Concello expedirá a correspondente providencia de constrinximento, consonte establece o artigo 167.1 da Lei Xeral Tributaria, que conterá como mínimo os datos que se especifican no artigo 70.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Unidade Administrativa designada para o efecto polo Concello remitirá ao órgano competente da Axencia Tributaria de Galicia as débedas constrinxidas nas que a xestión se encomende á Axencia Tributaria de Galicia nos termos do presente convenio. Comunicaranse estes datos en formato de ficheiro e/ou rexistrados directamente na aplicación a través dun acceso remoto.

Non obstante, non poderán remitirse providencias correspondentes a débedas prescritas ou suspendidas, e a aquelas cuxo importe sexa inferior a 20 €. Esta cantidade poderá ser revisada pola Axencia Tributaria de Galicia e será comunicada ao Concello.

2.- Aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.

As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pagamento de débedas presentaranse polos obrigados ao pagamento no Departamento de Recadación das Delegacións da Axencia Tributaria de Galicia ou nas Zonas de Recadación en que deba producir efecto o pagamento.

Cando as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento se presenten ante o Concello, aquelas remitiranse ao Departamento de Recadación da Delegación que corresponda en función do territorio do Concello, nun prazo máximo de dez días naturais dende a presentación da solicitude.

3.- Suspensión do procedemento.

A suspensión do procedemento pola interposición de recursos e reclamacións producirase nos mesmos casos e condicións que para as débedas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- Ingresos.

O cobro das débedas obxecto do presente convenio só poderán realizarse polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia a través de entidades colaboradoras polos medios e procedementos establecidos para a recadación en vía de constrinximento.

Se se producira o cobro por parte do Concello dalgún dereito para o que se iniciase o procedemento executivo, deberá remitirse ó órgano recadador certificación acreditativa, con descargo da parte certificada. En tal caso, o procedemento continuará pola parte pendente, se a houbera, de débeda principal, recarga e custas producidas.

5.- Devolución de ingresos indebidos.

A Axencia Tributaria de Galicia practicará as devolucións de ingresos indebidos que sexan consecuencia de incidencias no proceso de recadación en período executivo.

6.- Alleamento de bens e dereitos.

Para os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 172.3 da Lei Xeral Tributaria, o Concello comunicará ao Departamento de Recadación da Delegación que estea xestionando a débeda se o acto de liquidación desta é firme.

Non obstante, con carácter previo ó acordo de alleamento dos bens embargados, a Axencia Tributaria de Galicia poderá solicitar do Concello información sobre a firmeza ou non da débeda, debendo aquel contestar no prazo dun mes.

7.- Adxudicación de bens ao Concello.

Cando no procedemento de alleamento algún dos bens embargados ou proporcionados en garantía non se adxudicara, o Concello poderá adxudicarse os ditos bens nos termos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación para a adxudicación de bens ó Estado, coas seguintes particularidades:

1ª.- A Axencia Tributaria de Galicia ofrecerá ao Concello a adxudicación, indicando se existen cargas ou gravames preferentes ao dereito daquel, o importe dos mesmos e o valor no que deberán ser adxudicados os bens.

2ª.- O Concello deberá comunicar a resolución adoptada á Axencia Tributaria de Galicia como máximo no prazo de corenta e cinco días naturais.

Entenderase non aceptada a adxudicación unha vez transcorrido o devandito prazo sen contestación expresa.

8.- Custas do procedemento.

Ten a consideración de custas do procedemento de constrinximento, os gastos que se orixinen, derivados da actuación recadadora, especificados no Regulamento Xeral de Recadación.

As custas nas que incorreran os debedores, e que non poidan ser cobradas a estes, correrán a cargo do Concello, minorando o importe a transferir a este na liquidación mensual.

9.- Datas.

Os órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia datarán as débedas constrinxidas por algún dos motivos establecidos na lexislación vixente, así como polo disposto nas cláusulas deste convenio.

A xustificación das datas por insolvencia realizarase nos mesmos termos que para as da Comunidade Autónoma e á vista, de ser o caso, da información adicional que subministrara o Concello. O Concello poderá solicitar aclaración se, ao seu xuízo, non estiveran realizados tódolos trámites.

No caso de que o Concello tivera, posteriormente, coñecemento de datos que non utilizasen na xestión da débeda por insolvencia que permitira a realización de dereito poderá incluír novamente a débeda nun seguinte envío mensual, acompañando documentación xustificativa da súa nova incorporación.

QUINTA.- Custe do servizo

O custe por inicio de xestión será de tres euros e cincuenta céntimos (3,5 €) por cada providencia de constrinximento remitida polo Concello, de acordo co disposto no punto 1 da cláusula cuarta deste convenio.

O custe pola xestión de cobramento realizada será o importe que resulte de aplicar as porcentaxes das recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

O custe previsto nesta cláusula, poderá ser revisado anualmente de mutuo acordo.

SEXTA.- Liquidacións e transferencias de fondos ao Concello

Dentro dos quince primeiros días de cada mes, a Axencia Tributaria de Galicia practicará liquidación pola xestión recadadora realizada no mes anterior por conta do Concello, procedendo a transferir a conta bancaria que con este fin designase o Concello, o importe resultante, que será a diferenza entre as cantidades recadadas e o custe do servizo.

SÉTIMA.- Información ao Concello

A Axencia Tributaria de Galicia remitirá seguinte información ao Concello:

- Mensualmente, os movementos detallados de débedas segundo a liquidación a que se refire a cláusula sexta.*
- Trimestralmente, a información relativa á totalidade da xestión recadadora contabilizada no período por conta do Concello.*
- Anualmente, a información relativa ao estado en que se atopa a totalidade da débeda remitida polo Concello para a xestión de cobro e que ao final do exercicio figura como pendente.*

OITAVA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento para garantir o cumprimento do presente convenio. Dita comisión reunirse a pedimento dalgunha das partes asinantes e estará formada polo/a Xefe/a do Departamento Central de Recadación da Axencia Tributaria e a persoa que designe o Concello.

NOVENA.- Natureza administrativa

O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir, sen prexuízo dos problemas de interpretación e cumprimento dos que entenda a Comisión de Seguimento, serán do coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente Convenio terá unha vixencia de catro anos dende a súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Ademais do fin da súa vixencia, o incumprimento das obrigas polas partes asinantes constituirá outra causa de extinción do convenio.

UNDÉCIMA.- Publicidade do convenio

O presente convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión, sendo as vinteunha horas e trinta minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-